

26.MAIO. LEO, CONSULTO...NON IMPRIMIR

Estamos chegando á recta final do curso. Mentreis ides rematando tarefas pendentes, envíos das que faltan, preparando os libros que tedes para devolver(algun ten tamén do 1º trimestre)...propónovos unhas ideas nas que me gustaría que participásedes todos e todas dalgunha maneira. Seguen sendo voluntarias. Pero van formar parte das últimas aportacións ó blog de 5º do curso 2019-2020 e á elaboración do video final... Lembrade que todas as tarefas do tipo que sexan conlevan lectura atenta da proposta, organización de ideas para preparala incorporando as vosas propias , coidado na presentación (limpeza, orden, ortografía e caligrafía, acabado dos debuxos, sorriso/ relaxación se é video ou audio) e revisar se estades conformes e satisfeitos-as coa tarefa rematada antes de entregala

*****ACTIVIDADE 1.** Nestes tempos que precisamos ser moi prudentes cos contactos directos, aconséllovos botar unha ollada a este Genialy. Nel podedes ver saúdos de distintas partes do mundo, ler e escoitar un fermoso poema e...colle inspiración para propor o voso saúdo persoal, copiar o poema e finalmente grabar un video lendo algunha estrofa no voso recuncho favorito deste tempo.(Se no te atreves cun video, con fotos e un audio)

PROPOSTA "TE DOY UN ABRAZO"

<https://view.genial.ly/5ecad61e9330ad0d7cd6ee50/interactive-content-pat-reto-8>

*****ACTIVIDADE 2.** Deste video con estas fermosas imaxes e mensaxes , eleximos algunha para facer un cartel personalizado (con debuxo e mensaxe) e enviamos foto co voso nome (podedes sair nela ou non ou mandar unha foto do cartel e outra vosa-de frente, de perfil, de espalda...)

PROPOSTA "TODO VA A SALIR BIEN" .Canción y dibujos

<https://youtu.be/8r4Vs18vKO4>

*****ACTIVIDADE 3.** Agora van ideas para novos experimentos.

LA MARIPOSA MÁS CARIÑOSA DEL MUNDO (tan sinxelo sobre a electricidade estática pero con relación á aportación para as actividades das apertas e video final)

<https://actividadesinfantil.com/archives/14644?fbclid=IwAR3suewqMbuvMJ8WvYRNwmbZi0NwW1UxFRQpaU2owXebGJlz-PQ0tMVGM>

MÁIS IDEAS DE EXPERIMENTOS MOI SINXELOS E DIVERTIDOS...A ver se vos apetece algúin

<https://view.genial.ly/5ea9973f7453940d76b16728/interactive-image-la-ciencia-en-video>

<https://view.genial.ly/5eab09857b8ef50d76d17129/interactive-image-la-ciencia-en-video-2>

*****ACTIVIDADE 4.** Se tedes un poema , canción , ilustrador favorito deste tempo de cuarentena. Podedes adaptar a actividade 2 con el ou ela.

Preguntade dúbdidas polo correo ou cando vos chame. Este mércores de 10:00 a 11:30 e o venres ás 11:30 estarei no coleixio para consultas con cita previa (non poden ser titorías)

DATA LÍMITE DE ENTREGA DESTAS ACTIVIDADES 8 DE XUÑO. VOLUNTARIAS...Pero intentade participar nalgunha pensando na vosa despedida virtual no blog.

Apertas, ánimo e grazas !!

Mónica